



CEU

*Escuela Universitaria  
de Magisterio*

Guía docente de  
Literatura infantil  
Curso: 2010-2011



**CEU**

*Escuela Universitaria  
de Magisterio*

Guía Docente de LI

## 1. DATOS INICIAIS

Titulación	Mestre en Educación Infantil
Materia	Literatura infantil
Carácter (obligatoria, optativa)	Troncal
Curso	Segundo
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	Segundo cuadrimestre
Profesor	Marta Neira Rodríguez
Despacho	Letra D
Horario de titorías	Xoves: 16.00-17.00 horas
Correo electrónico	<a href="mailto:marta.neirarodriguez@ceu.es">marta.neirarodriguez@ceu.es</a>

## 2. COMPETENCIAS

1	Capacidade para o traballo autónomo e cooperativo.
2	Capacidade para a consulta funcional das fontes bibliográficas.
3	Capacidade para realizar con éxito tarefas lingüísticas e literarias e para aplicalas profesionalmente no ensino.
4	Capacidade para transmitir os contidos que hai que ensinar.
5	Capacidade para emprender iniciativas.
6	Capacidade de análise e de resolución de conflitos.
7	Capacidade de entrega.
8	Capacidade, en suma, para a correcta expresión e comprensión lingüísticas, así como para a atinada interpretación dos textos literarios.

## 3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1	Reflexionar sobre a importancia da Literatura, en concreto da Literatura Infantil e Xuvenil, no contexto de socialización e desenvolvemento das persoas.
2	Coñecer o desenvolvemento do sistema literario infantil e xuvenil e sensibilizar cara a unha literatura xerada, case sempre, nun clima de anormalidade e marxinação.
3	Informar do desenvolvemento da Literatura Infantil e Xuvenil e da procedente da transmisión oral. Coñecer os textos literarios e como se foron conformando.
4	Repasar e sedimentar todo o aprendido até o de agora sobre Literatura Infantil e Xuvenil. Afondar no seu coñecemento.
5	Animar á lectura e formar cara á lectura comprensiva, analítica e profunda dende a capacitación literaria e lectora.



6	Fixar a atención nos autores máis importantes para a banda de idade dos discentes da especialidade e, así, formales e informales para que realicen a mediación adecuadamente e consigan unha boa educación literaria dos seus discípulos.
7	Reflexionar sobre a influencia da literatura no ensino da lingua. Comprensión e expresión oral e escrita.
8	Afondar e ampliar a competencia oral e escrita do alumnado.

## 4. CONTIDOS

### TEMA 1. CONCEPTO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL (LIX).

1. Concepto de LIX. Características.
2. Xéneros.
3. Funcións na sociedade actual.
4. Canles de difusión.

### TEMA 2. HISTORIA DA LIX

#### 1. A LIX NA IDADE MEDIA.

- Contexto socio-político-cultural.
- Axentes que interveñen na comunicación literaria en xeral (mediación, produción, recepción).
- Principais tendencias e correntes literarias nos diferentes xéneros.
- Comentario literario de obras.

#### 2. A LIX NOS SÉCULOS XVI, XVII E XVIII.

- Contexto socio-político-cultural.
- Axentes que interveñen na comunicación literaria en xeral (mediación, produción, recepción).
- Principais tendencias e correntes literarias nos diferentes xéneros.
- Comentario literario de obras.

#### 3. A LIX NO SÉCULO XIX.

- Contexto socio-político-cultural.
- Axentes que interveñen na comunicación literaria en xeral (mediación, produción, recepción).
- Principais tendencias e correntes literarias nos diferentes xéneros.
- Comentario literario de obras.

#### 4. A LIX NO SÉCULO XX.

- Contexto socio-político-cultural.
- Axentes que interveñen na comunicación literaria en xeral (mediación, produción, recepción).
- Principais tendencias e correntes literarias nos diferentes xéneros.



- Comentario literario de obras.
- 5. A LIX NO SÉCULO XXI.
- Contexto socio-político-cultural.
- Axentes que interveñen na comunicación literaria en xeral (mediación, produción, recepción).
- Principais tendencias e correntes literarias nos diferentes xéneros.
- Comentario literario de obras.

**TEMA 3. LITERATURA INFANTIL E EDUCACIÓN**

- A Literatura infantil e a súa didáctica. Usos e abusos da literatura en Educación Infantil.
- A animación á lectura na aula.
- A educación literaria.

**5. PLANIFICACIÓN E METODOLOXÍA DOCENTE**

Número de alumnas e alumnos	Técnicas e tarefas	Horas presenciais	Traballo autónomo	Total horas alumna / alumno
Grupo total	Clases teóricas	14	14	28
Grupo mediano	Clases prácticas	28	14	42
Grupo mediano	Clases prácticas	28	14	42
Individual	Asesoría individual	16	20	36
Individual ou grupo	Desenvolvemento de traballos, actividades	15	25	40
Grupo total	Probas de avaliación	2		2
	Revisión de exames	2		2
				150

**6. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE**

Aspecto	Instrumento	Momento	Peso
Asistencia e participación activa na aula.	Observación diaria.	En todo momento.	20%
Contidos teóricos e prácticos da materia.	Exame escrito con preguntas ou/e exercicios de desenvolvemento.	Exame final.	50%
Realización de traballos.	Realización de traballos escritos e/ou orais con exposición presencial de ser precisa.	Data de entrega.	30%



## Observacións: recomendacións, pautas para a mellora e a recuperación, etc.

A **calificación final** da materia será o resultado da suma das distintas notas obtidas das actividades realizadas segundo as porcentaxes asignadas, tal como queda estipulado no cadro superior. Malia o dito, é preciso ter un 2,25 no exame para sumar as demais notas.

En canto ao **estudo da materia**, recoméndase:

- A asistencia continuada ás clases presenciais.
- A participación e a realización das tarefas prácticas que se propoñan.
- A dedicación responsábel e con rigor ao estudo da materia.

Finalmente, considerado o feito de que a asistencia e a participación constitúen elementos sumativos e que, ademais, o ensino da materia ten carácter de avaliación continua, aqueles alumnos que asistisen a clase menos do 80% do cómputo total terán que presentarse a un **exame de dificultade específica**. **Ademais, terán que entregar todos os traballos que fosen propostos na aula ao longo do curso.**

O sistema de avaliación pretende facer o alumnado partícipe do seu proceso de aprendizaxe. En liñas xerais procurárase unha **avaliación continua, formativa e global**, polo que se terán en conta tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa participación no proceso de aprendizaxe e o resultado final de dito proceso.

## 7. RECURSOS E FONTES DE INFORMACIÓN

- BRAVO-VILLASANTE, C. (1971). *Historia de la literatura infantil universal*. Madrid: Doncel.
- BRAVO-VILLASANTE, C. (1988). *Historia y antología de la literatura infantil universal*. Valladolid: Miñón.
- CERRILLO, P. (2007). *La formación de mediadores para la promoción de la lectura*. Cuenca: UCLM/CEPLI-Fundación SM.
- CERRILLO, P. e J. GARCÍA PADRINO (coords., 1990). *La literatura infantil*. Cuenca: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- CERRILLO, P. e J. GARCÍA PADRINO (1992). *Literatura infantil y enseñanza de la literatura*. Cuenca: Publicaciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.
- COLOMER, T. (1998). *La formación del lector literario. Narrativa infantil y juvenil actual*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
- ESCARPIT, D. (1986). *La literatura infantil y juvenil en Europa. Panorama histórico*. México: Breviarios del Fondo de Cultura Económica.
- FERNÁNDEZ LÓPEZ, M. (1996). *Traducción y literatura juvenil. Narrativa anglosajona contemporánea en España*. León: Secretariado de Publicaciones de la Universidad de León.
- GARCÍA PADRINO, J. (1992). *Libros y literatura para niños en la España contemporánea*. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez/Ediciones Pirámide.
- GOMES, J. A. (1998). *Para uma história da literatura portuguesa para a infância e a juventude*. Lisboa: Instituto Português do Livro e as Bibliotecas.
- HOMET, R. (1979). *Sobre la educación medieval. Estudio preliminar, selección y traducción de fuentes*. Buenos Aires: Tekne.
- LLUCH CRESPO, G. e B. ROIG RECHOU (coords.) (2005). *Para entenderte mellor. As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico*. Monográfico do Boletín Galego de Literatura, nº 32, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- MORENO VERDULLA, A. (1998). *Literatura Infantil. Introducción en su problemática, su historia y su didáctica*. Cádiz: Servicio de Publicaciones.
- ROIG RECHOU, B. A. (2000). *A poesía infantil e xuvenil galega*. Santiago de Compostela: Gáliz/Teófilo Piñeiro Edicións.



- ROIG RECHOU, B. A. (2002). "La literatura infantil y juvenil en Galicia"/"A literatura infantil e xuvenil en Galicia" cap. 8, en Darío VILLANUEVA PRIETO e A. TARRÍO VARELA (coords.), *La Literatura desde 1936 hasta principios del siglo XXI: Narrativa y traducción/A literatura dende 1936 ata principios do século XXI: Narrativa e traducción*. A Coruña: Hércules de Ediciones.
- ROIG RECHOU, B. A., P. LUCAS DOMÍNGUEZ e I. SOTO LÓPEZ (coords., 2007). *Teatro infantil. Do texto á representación*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Fundación Caixa Galicia.
- ROIG RECHOU, B. A. et al. (2008), *Docencia, investigación y Crítica de LIJ en el Marco Ibérico. Informe 2004-2007*. Cuenca: CEPLI-Universidad de Castilla-La Mancha.
- ROIG RECHOU, B. A., I. SOTO LÓPEZ y M. NEIRA RODRÍGUEZ (coords., 2009). *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- ROIG RECHOU, B. A., I. SOTO LÓPEZ y M. NEIRA RODRÍGUEZ (coords., 2010). *Reescrituras do conto popular (2000-2009)*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- RUZICKA KENFEL, V., C. VÁZQUEZ GARCÍA e L. LORENZO GARCÍA (2000). *Literatura Infantil y Juvenil: Tendencias actuales en investigación*. Vigo: Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.
- RUZICKA KENFEL, V., C. VÁZQUEZ GARCÍA e L. LORENZO GARCÍA (coords., 2003). *Estudios críticos de traducción de literatura infantil y juvenil. Análisis de las traducciones de obras inglesas y alemanas a las cuatro lenguas oficiales de España. Tomo I*. Oviedo: Setem.

## RECURSOS NA REDE

- Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (<http://anilij.uvigo.es/>).
- Biblioteca de la Real Academia Española (<http://www.rae.es/rae.html>).
- Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (<http://www.cervantesvirtual.com/>).
- Biblioteca Virtual Galega (<http://bvg.udc.es/>).
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades ([www.cirp.es](http://www.cirp.es)).
- Centro de Estudios de Promoción de la Lectura y Literatura Infantil (<http://www.uclm.es/cepli/index.asp?id=1>).
- Fundación Germán Sánchez Ruipérez (<http://www.fundaciongsr.es/>).
- Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (<http://www.oepli.org/>).
- Rede Temática LIJMI ([www.lijmi.usc.es](http://www.lijmi.usc.es)).
- Servicio de Orientación de Lectura (<http://sol-e.com/index.php>).